Resumo da Unidade 1. A Prehistoria de Galicia

Tendo en conta o retraso cronolóxico da Prehistoria galega fronte á Prehistoria xeral, Paleolítico e Epipaleolítico desenvólvense en Galicia ata o quinto milenio a.C. Estas etapas caracterízanse por unha economía de tipo depredador (baseada na caza e na recolleita de froitos silvestres), por unha poboación nómade asentada so temporalmente en abrigos rochosos e por unha sociedade relativamente igualitaria. Outra das notas definidoras deste período a talla da pedra, cada vez cunha técnica máis complexa, para facer diversos utensilios para a caza e as tarefas domésticas.

Ao longo do quinto milenio e principios do cuarto a.C. prodúcese a "revolución neolítica",un complexo conxunto de cambios económicos e sociais de enorme importancia. Aparece a agricultura (cerealeira e baseada no sistema de roza, tala e queima do bosque), a gandería e os intercambios comerciais. En consecuencia, prodúcese un incremento da poboación, o ser humano faise sedentario e a sociedade máis complexa. Durante o Neolítico galego aparece o fenómeno cultural coñecido como Megalitismo caracterizado pola construción de monumentos, normalmente funerarios, con pedras de gran tamaño.

A partir da última metade do terceiro milenio a.C. prodúcese en Galicia un gran cambio de consecuencias históricas que ven determinado pola aparición da metalurxia. A Idade dos Metais iníciase co Calcolítico, período no cal a cultura megalítica convive ca Cultura do Vaso Campaniforme, os obxectos de pedra cos obxectos metalúrxicos e os enterramentos colectivos cas tumbas individuais que nos falan xa dunha sociedade máis xerarquizada.

A transición do Calcolítico á Idade do Bronce prodúcese de modo gradual ao tempo que vai desaparecendo a cultura campaniforme e se van impoñendo novas tradicións na cerámica e na metalurxia. Aínda que a agricultura e a gandería seguen tendo un gran peso na economía, a novidade que define este momento é o desenvolvemento metalúrxico (aliaxe cobre, estaño e chumbo)e o aumento dos intercambios comerciais. Falamos xa dunha sociedade estratificada e xerarquizada, cunha maior división do traballo e na que destaca a elite guerreira. Trunfa o enterramento individual e a crenza nun mundo simbólico e imaxinario que se plasma nos petróglifos.

A cultura castrexa vaise implantando en Galicia ao longo do século VI a.C., ao tempo que se introduce a metalurxia do ferro, como o resultado da fusión da tradición dos pobos indíxenas existentes na Idade do Bronce e a dos pobos centroeuropeos (entre eles os celtas) que se asentan no Noroeste peninsular. O castro como tipo de asentamento, o desenvolvemento da técnica do ferro (que permite realizar utensilios máis avanzados), unha sociedade xerarquizada e estruturada en base a familias, centurias e *populus* así como un amplo panteón de deuses son as notas definidoras dunha cultura que se mantén durante o dominio romano.

A conquista romana do Noroeste de Hispania, iniciada por Décimo Xuño Bruto (O Galaico) no ano 137 a.C. e rematada cas Guerras Cántabras no século I a.C., supón a submisión a Roma dos pobos que habitaban dende a actual Galicia ata o País Vasco. Nun primeiro momento este territorio intégrase na provincia de Lusitania, pouco despois na Hispania Citerior e, finalmente, Diocleciano no ano 305 converte a Gallaecia en provincia independente abarcando dende o Cantábrico ata o Douro e dende o Atlántico ata o Sistema Ibérico.

Despois da conquista, iníciase un progresivo proceso de romanización no que os elementos do mundo castrexo se van mesturando cos romanos ata conformar unha cultura galaico-romana. O proceso romanizador supón a organización do territorio mediante unha serie de reformas e cambios nas bases económicas e no hábitat que son definitivas na conformación da historia de Galicia. Ademais, vaise impoñendo o latín como lingua universal e introdúcense novas formas relixiosas que rematarán co cristianismo. A invasión dos pobos xermánicos e a fragmentación do Imperio a principios do século V pon fin ao dominio romano e abre as portas á Idade Media.

Nun marco de crise do Imperio romano, chegan os suevos a Hispania procedentes do Norte de Europa no ano 406. Trala firma dun pacto co emperador que lles permite asentarse na parte occidental de Gallaecia, establecen a capital do seu reino en Braga. Os primeiros anos manteñen unha actitude pacífica e intégranse progresivamente na sociedade galaico-romana. No ano 429 inician unha política expansionista que remata coa súa derrota polos visigodos na batalla do Órbigo. A partir de entón, o reino suevo entra na órbita visigoda perdendo definitivamente a súa independencia no ano 585 sendo rei Leovixildo.

A influencia do reino suevo é determinante na organización da Igrexa e na definitiva cristianización do territorio galaico gracias á figura de San Martiño de Dumio.